

Tempos Novos

Xestionado por [Tempos Novos](#)

LITERATURA E PASADO

A veta da memoria

A Guerra Civil é un pulso que non acouga. Setenta anos despois, a memoria segue aberta. As escritoras e os escritores galegos, de Silvio Santiago a Manuel Rivas ou Suso de Toro, do primeiro memorialismo ás ficcionalizacións contemporáneas, recuncan a un conflito que non se esgota. Unha reportaxe de **Iago Martínez e Belén Puñal** que abre o primeiro número do suplemento de libros **ProTexta**.

- 14:06 29/12/2006

A memoria histórica non é Historia senón historias. O historiador profesional, nas palabras do profesor Emilio Grandío, da Universidade de Santiago de Compostela (USC), reconstrúe os feitos logo de aplicar unha metodoloxía científica sobre fontes e documentos obxectivos. A memoria, porén, é cousa distinta, haina que buscar noutra parte. «É a percepción do acontecido, a reconstrución subxectiva do pasado, un patrimonio individual, non grupal. Na Guerra Civil española, os arquivos gardan as listaxes de mortos e paseados, mesmo as autopsias, pero non conservan nada das actitudes nin emocións nin do sufrimento das xentes. Aí entra a literatura». Con todo, aclara, debería deixarse tamén un pé fincado na Historia, porque «esa racionalización do pasado, que é fundamental para que unha persoa se atope a si mesma, non se lle pode confiar só á memoria. Non todo o que din as testemuñas é real. Cómpre contrastalo».

En realidade, a recuperación desa memoria é un proceso colectivo que sobarda os propios escritores. Para Dolores Vilavedra, profesora na facultade de Filoloxía da USC, o que ocorre é que «o texto literario é un espazo privilexiado para o desenvolvemento do diálogo social», e por iso depositamos na ficción ese cometido. Con Mighail Baghtin, precisa que é a narrativa o discurso que de maneira máis rápida reacciona diante de calquera mudanza na atmosfera social e, conseguintemente, «pode funcionar como un motor. Activa primeiro a memoria, logo a curiosidade, o afán por saber, e finalmente o debate, un elemento imprescindible para a saúde moral dunha sociedade ». E así foi coa Guerra Civil en Galicia, dende que no ano 1957 Ramón de Valenzuela publicara no exilio arxentino *Non agardei por ninguén*, obra fundacional deste campo que non aparecería no país até finais da década dos anos oitenta.

O pacto do silencio

Xeración tras xeración, esta materia coñeceu distintas achegas e perspectivas. Dende os setenta, cando Silvio Santiago publica *O silencio redimido* (1976) e Antón Alonso Ríos edita *O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte* (1979), a percepción social do conflito mudou tanto como as propias

condicións de produción dos autores. O pacto de silencio alimentado polo franquismo construíra a imaxe dunha «guerra xorda», en palabras do actual presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares. A feble posición xeoestratéxica do país sinalada polo historiador Lourenzo Fernández Prieto leva a Vilavedra a ver nese illamento «a causa profunda dunha mentalidade colectiva que interiorizaría a pasividade social e a autocensura como estratexias defensivas, o que contribuiría a explicar o enorme atraso e a cautela con que o tema se foi facendo presente no discurso literario» en Galicia.

Hai vinte anos, por caso, Xavier Alcalá tería moi complicado publicar a súa triloxía sobre a represión das comunidades evanxelistas en España, da que hoxe xa coñecemos *Entre fronteiras* (2004) e *Nas catacumbas* (2006), as dúas primeiras entregas. «No ano 1986», asegura o escritor, «non se podería dicir que Afonso XIII era un adúltero ou que os Borbóns son a desgraza de España. O pacto consistía en non falar dos horrores e respectar este sistema democrático construído sobre o absurdo da monarquía». E o mesmo lle ocorreu a Alcalá coa súa incursión na Guerra Civil. Empezou a escribir *A nosa cinza* en 1972, e dous anos máis tarde estaba a novela en mans de Ramón Piñeiro, daquela director da editorial Galaxia. Porén, habería que agardar até 1980, anos despois de acabado o franquismo, para vela nas librarías.

Ese pacto de silencio, ao que se lle sumou, segundo Suso de Toro, «o medo lóxico e lexítimo de todos a tocar esa ferida, detrás da que non sabíamos o que se podía atopar», hase crebar de maneira excepcional precisamente a partir desa década, a dos oitenta. Logo da aparición de *Os mortos daquel verán* (1987), de Carlos Casares, unha nova xeira de escritores inicia, ao ver de Vilavedra, «unha progresiva evolución cara a fórmulas abertamente novelescas», desbotando o rexistro memorialístico que, ás claras ou non, caracterizara as primeiras achegas. Con títulos como *Agosto do 36*, de Xosé Fernández Ferreiro, ou *O bosque das antas*, de X. Francisco Fernández Naval, os autores galegos comezan a asumir a función de mediadores entre o presente e a memoria.

O artigo completo, na edición impresa de ProTexta, suplemento de libros de TEMPOS Novos (decembro 2006, nº 115)